

# Estratexia de acción exterior de Galicia

100 ■ *reflexións*

Xullo 2007

Xunta de Galicia  
Secretaría Xeral de Relacións Exteriores

### **Estratexia de Acción Exterior de Galicia**

#### **Impulsor do proxecto:**

Secretario Xeral de Relacións Exteriores, Santiago Gómez-Reino Lecoq

#### **Director do proxecto:**

**Fernando González Laxe.**

Ex-presidente da Xunta de Galicia

Catedrático de Economía Aplicada. Facultade de Económicas. Universidade da Coruña

#### **Grupo de traballo:**

**-Antonio Izquierdo Escribano.**

Director da Escola Galega de Administración Pública

Catedrático de Socioloxía. Facultade de Socioloxía.

Universidade da Coruña

**-Argimiro Rojo Salgado**

Catedrático de Socioloxía, Ciencia Política e da

Administración e Filosofía. Facultade de Ciencias Económicas.

Universidade de Vigo

**-Celso Cancela Outeda.**

Profesor de Ciencia Política e da Administración. Facultade de

Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo

**-José Cabanelas Omil.**

Catedrático de Organización de Empresas e Marketing.

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Universidade de Vigo

**-Jorge Pueyo Losa**

Catedrático de Dereito Internacional. Facultade de Dereito.

Universidade de Santiago de Compostela

**-Manuel Xaime Barreiro Gil.**

Profesor de Historia e Institucións Económicas. Facultade

de Ciencias Económicas. Universidade de Santiago de

Compostela

**-María Xosé Rodríguez Galdo**

Catedrática de Historia Económica. Facultade de Económicas.

Universidade de Santiago de Compostela

**-Ramón Maiz Suárez**

Catedrático de Ciencia Política. Facultade de Ciencias Políticas

e Sociais. Universidade de Santiago de Compostela

**-Ramón Villares Paz**

Presidente do Consello da Cultura Galega

Catedrático de Historia Contemporánea. Facultade

de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de

Compostela

**-Xosé Luís Rodríguez Pardo**

Avogado

**-Xulio Rios Paredes**

Presidente do IGADI (Instituto Galego de Análise e

Documentación Internacional)

#### **Colaboradores:**

**-José Manuel Blanco González**

Subdirector Xeral de Análise e Programación. Secretaría Xeral

de Relacións Exteriores. Xunta de Galicia

**-Marcelo Ricoy Riego**

Servizo de Estudos e Coordinación. Secretaría Xeral de

Relacións Exteriores. Xunta de Galicia

**-Xosé Lago García**

Servizo de Prospectiva e Apoio Técnico. Secretaría Xeral de

Relacións Exteriores. Xunta de Galicia

# Limiar

Galicia é, de sempre, punto de partida e de destino. Non é posible entender a historia nin a identidade desta terra sen ter en conta a nosa intensa e continuada interrelación co exterior, con outros países, linguas e realidades, a través de fenómenos tan distintos como o Camiño de Santiago, a emigración ou o turismo.

A nosa situación neste *finisterrae* atlántico colócanos no punto máis occidental do continente. Galicia foi e segue a ser hoxe meta dun itinerario simbólico e cultural, que contribuíu en boa medida a que Europa empezase a cobrar conciencia de si mesma. Pero tamén é Galicia unha das grandes proas que desde o Vello Mundo miran cara a América. Somos o fin do Camiño e, ao mesmo tempo, o comezo de novos roteiros.

Na actualidade, no marco dun mundo cada vez máis interconectado polos fluxos globais e cunha Galicia plenamente inserida nas dinámicas da construción europea, temos que ser capaces de outorgar un novo valor a estas singularidades determinadas pola xeografía e polo devir histórico. Por iso, dende que asumimos as responsabilidades de Goberno, propuxémonos definir unha estratexia nidia e ambiciosa para a acción exterior de Galicia.

O noso obxectivo é afianzar a presenza, os intereses e a imaxe de Galicia no contexto internacional. Marcámonos o compromiso de difundir a realidade e a especificidade galega no mundo, proxectando a nosa personalidade e promovendo, dun xeito especial, a economía, a lingua e a cultura galega no exterior.

A Xunta de Galicia está a traballar decididamente para asentar canles efectivas de participación do país nos asuntos europeos, co obxectivo de reforzar as nosas competencias e promover os nosos intereses. Estamos, así mesmo, afondando na consolidación da Eurorrexión, avanzando co Norte de Portugal cara a unha cooperación de “segunda xeración”. E non podemos obviar as históricas relacións que nos unen a Latinoamérica e a oportunidade que supoñen para a nosa economía estes e outros mercados emerxentes, como os asiáticos. Neste contexto, xa están dados os primeiros pasos para a creación da rede de Delegacións da Xunta no exterior, que comezará este ano coa instalación en Buenos Aires da primeira representación oficial.

Este volume contén as directrices a seguir, os campos de acción e os instrumentos que nos permitirán acadar nun futuro próximo os *ratios* de efectividade e beneficio que se traduzan en crecemento e mellora, tanto para o noso país como para os pobos cos que nos relacionamos. Dentro desta estratexia asumimos que temos na Galicia exterior un valiosísimo potencial humano, económico e cultural, pero reforzamos tamén o noso compromiso cun mundo máis xusto e coa erradicación da pobreza e as súas causas.

Para a elaboración destas propostas, e co obxectivo de facelas o máis completas e plurais posibles, contamos coa colaboración dun equipo pluridisciplinar, con expertos de primeiro nivel en todas as áreas que, como a socioloxía, o dereito, a economía, a empresa, a universidade, teñen unha relevancia substancial no complexo mundo das relacións internacionais. Logo dun intenso traballo, aquí están recollidas as máximas que guiarán as actuacións do Goberno galego en materia exterior nos vindeiros anos. Aplicarémolas con vontade política e determinación para potenciar a proxección internacional de Galicia.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente da Xunta de Galicia

---

## ■ Introducción



## Introducción

1. As liñas mestras dunha política de relacións exteriores de calquera Goberno democrático e, como é o caso de España, das súas entidades constitucionais, responden a unha tradición, a veces secular, e a uns intereses económicos e políticos que inflúen grandemente na súa perpetuación ou que, como moito, aseguran unha evolución lenta, a penas perceptible se non é no longo prazo.
2. No caso específico do noso país produciuse, no entanto, unha mutación dun calado considerable e ata certo punto inesperada, cando, sobre a base das prescricións constitucionais, o Tribunal Constitucional, na súa Sentencia 165/1994, de 26 de Maio, estableceu que *"...non pode en forma algunha excluírse que para levar a cabo correctamente as funcións que teña atribuídas, unha Comunidade Autónoma haxa de realizar determinadas actividades, non xa soamente fóra do seu territorio, senón incluso fóra dos límites territoriais de España"*
3. Ao ditar tal Sentencia, o Tribunal Constitucional abriu unha importante brecha na teoría clásica das relacións exteriores ou internacionais, consideradas clasicamente en España como un dominio reservado do Estado e, hoxe en día, ninguén ou moi poucos critican ou erguen a súa voz contra o que xa se considera *"un fenómeno consolidado na sociedade española e internacional contemporánea"*, admitíndose en xeral, polo que a Galicia refírese, que *"A fundamentación ontolóxica, socioeconómica, política e ata xurídica da acción exterior galega está fóra de toda dúbida ..."*

4. A acción exterior de Galicia, o seu sustento teórico, político e constitucional, a súa fundamentación histórica, as súas ambicións e contidos, foron xa obxecto de tratamento por parte do Goberno galego, quen no ano 2003 promoveu a elaboración dun "Libro Branco da Acción Exterior de Galicia", publicado no 2005, cuxas formulacións e reflexións son perfectamente admisibles máis alá de críticas puntuais ou de lexítimas observacións sobre certas ideas e propostas que presentan un carácter menor. O obxectivo do Libro Branco en cuestión de recoller "*unhas bases de actuación compartidas... que poidan facilitar o encontro de todas as sensibilidades e orientacións...*" é asumido polos autores do presente documento.

5. Este non trata, porén, de expoñer ou propoñer unha evolución na teoría e na práctica das relacións exteriores de Galicia, nin de substituírse a un traballo levado a cabo polo Goberno galego anterior. Polo tanto, a proposta que a continuación se desenvolve obvia na medida do posible a elaboración teórica das bases e razóns (máis alá dun recordatorio das liñas xerais das mesmas) que asisten a Galicia para a implementación da acción exterior que lexítimamente pode (e debe) desenvolver por ser un tema no que existe un consenso xeral. Esta proposta focalízase esencialmente na presentación dun marco global dos obxectivos que pretende acadar o Goberno galego no campo internacional, das accións a levar a cabo e dos instrumentos necesarios para conseguilos.

6. Aínda que se poida soste de forma esquemática que a implicación exterior de Galicia fica de manifesto na súa Historia, tanto afastada como inmediata (proxectada dende e cara Europa a partir do Século IX, ou través do Camiño de Santiago) será a amplitude e persistencia do fenómeno migratorio protagonizado polos galegos, un dos elementos decisivos que, ata tempos moi recentes, marca a presenza de Galicia máis alá de si mesma.

7. En efecto o fenómeno migratorio cooperou decisivamente a caracterizar a existencia de Galicia no mundo grazas a os vínculos creados pola diáspora americana, intensos xa desde o Século XVIII pero cunha grande importancia non século XIX e no primeiro tercio do XX e que, en certo modo, aínda terían continuidade no exilio republicano. A evolución do destino migratorio

galego, que a partir dos anos 50/60 do Século XX focalizouse en Europa, contribuíu naturalmente á expansión e diversificación da representación de Galicia no mundo.

8. No entanto, calquera que sexa o valor que se queira outorgar ás sucintas consideracións históricas precedentes, non debe esquecerse que a esencia e os alicerces hoxe en día da acción exterior de Galicia (nun momento en que a representación exterior de Galicia ten como canle a súa participación en diversos organismos internacionais, a internacionalización do seu sistema empresarial e a vocación do Sistema Universitario galego de incrementar a súa proxección exterior) apóianse fundamentalmente en dúas consideracións:

9. A primeira ten que ver co fenómeno da mundialización das economías, da comunicación e das ideas, fenómeno que explica *"a transcendencia do momento (presente) caracterizado pola superación de moitas das fronteiras do pasado e a apertura de novos escenarios nos que a presenza galega non só se facilita, senón que se converte en razón primeira do noso benestar"*

10. A segunda, de natureza política, ten que ver coa súa condición de Comunidade Autónoma. Como tal, Galicia posúe vontade política de seu que, no ámbito externo, se proxecta nun dobre eixe:

- como *autogoberno* para desenvolver con plena capacidade unha acción exterior propia, atendendo aos seus valores e intereses.
- como *goberno compartido*, para participar con voz propia nos procedementos e mecanismos da política internacional e europea do Estado das Autonomías.



1 ■ A necesidade  
dunha acción  
exterior propia  
das Comunidades  
Autónomas



## 1. A necesidade dunha acción exterior propia das Comunidades Autónomas

11. As Comunidades Autónomas españolas -e poren tamén Galicia- están a experimentar unha potenciación extraordinaria da súa actuación no exterior, como consecuencia da súa consolidación institucional e política. A integración de España no sistema institucional europeo e os requirimentos dun mundo globalizado, fan inescusable a actuación política alén do territorio propio. Son cada vez menos as decisións tanto gobernamentais como empresariais ou particulares que non deban atender a circunstancias internacionais ou non teñan consecuencias dese mesmo cariz.

12. En consecuencia, as Comunidades Autónomas están perfectamente lexitimadas e teñen a responsabilidade de trazar unha estratexia para o desenvolvemento da súa acción exterior, tanto por ver de participar na formación (planificación) da vontade estatal no ámbito das relacións internacionais e máis na conformación das representacións negociadoras (no exterior), cando proceda, como para desenvolver por si mesmas aquelas actividades exteriores ante entidades estranxeiras que non quedan recollidas nese ámbito estatal, pero que consideren convenientes para a defensa e promoción das súas competencias e intereses propios.

13. En particular, as Comunidades Autónomas están precisadas, pois, de desenvolveren unha acción exterior propia centrada en actividades de proxección e relevancia internacional que, de conformidade cunha correcta apreciación do bloque constitucional, non son nin teñen por qué ser identificadas co

“núcleo duro” das actuacións que configuran a política exterior do Estado, da que se teña que ocupar directamente o Goberno central, aínda que sen impedimento da conveniencia de que, en aras da súa coherencia, o Estado e as Comunidades Autónomas establezan mecanismos de información, coordinación e ata acción común en materia de acción exterior.

---

## 2 | O marco político e constitucional da acción exterior das Comunidades Autónomas



## 2. O marco político e constitucional da acción exterior das Comunidades Autónomas

14. Malia a reserva constitucional das “relacións internacionais” como competencia exclusiva do Estado (art. 149.1.3º, CE), estas non deben ser entendidas como un compartimento incluínte de todo tipo de acción exterior calquera que sexa a institución ou estancia política, administrativa ou social que a promova. Tampouco sería correcto considerar só dentro dese ámbito competencial as iniciativas animadas polo Goberno Central, excluindo as de outros niveis conformadores da estrutura política do mesmo Estado. Este é axente activo de relacións internacionais desde tódalas súas partes.

15. Tal como xa foi posto de manifesto no pasado, os procesos de comunitarización e de mundialización alteraron *“notablemente o marco no que deben ficar inseridas as disposicións estatutarias e constitucionais en materia de relacións exteriores”* de xeito que *“a habilitación para actuar na órbita exterior depende xa indubidablemente e de xeito exclusivo da proxección externa das competencias substantivas e non de senlleiras previsións rixidas inseridas”* nos Estatutos de Autonomía das diferentes Comunidades Autónomas.

16. Por outra banda, e sen necesidade de recorrer á exposición pormenorizada da evolución da doutrina constitucional na materia, xa exposta en anteriores documentos, non é superfluo recordar que tal evolución *“ao abeiro da progresión do fenómeno comunitario e exterior, lato sensu, fai que se as competencias materiais precisan dunha proxección ad extra, a respectiva Comunidade Autónoma poida acometela sen cortapisa de ningunha caste”*.

17. As Comunidades Autónomas, ao establecer estratexias para o desenvolvemento dunha acción exterior propia, non poñen en cuestión o carácter exclusivo da competencia do Estado en materia de relacións internacionais, senón que se limitan a exercer as actividades de proxección e relevancia internacional necesarias para un operativo cumprimento das súas funcións e competencias, como axentes integrados e integradores dun Estado politicamente descentralizado.

18. Por iso, a necesidade de que as Comunidades Autónomas españolas promovan a definición de políticas orientadoras da súa acción exterior propias non afecta a aquelas actuacións que configuran o poder exterior do Estado; e dicir, basicamente, a capacidade para obrigarse internacionalmente por medio de tratados, o exercicio de representación estatal no xogo das relacións internacionais e a responsabilidade internacional.

19. O carácter politicamente descentralizado do Estado español esixe, ademais, implementar procedementos participativos que, sen cuestións competenciales artificiosas, lle permitan recoller manifestacións de interese, favorecer a participación na toma de decisións e incluso cooperación executivas desde as súas propias instancias descentralizadas, sobresaíntemente as Comunidades Autónomas. A Constitución Española non contempla os ámbitos exclusivos de competencia como compartimentos estancos sen fíos de relación.

20. A competencia do Estado, lonxe de resultar diminuída ou condicionada pola incorporación das Comunidades Autónomas á formación da vontade estatal no ámbito das relacións internacionais de España, pode resultar politicamente reforzada, aínda que implique un exercicio máis complexo, ao lle corresponder ao Goberno Central a responsabilidade de promover e garantir a coherencia desas liñas integradoras, habilitadoras e orientadoras da relación de España en materia de política exterior.

21. A importancia da colaboración e participación integradora no exercicio desa competencia estatal resulta especialmente evidente cando se produce respecto de institucións cuxas decisións non só teñen transcendencia sobre

o ordenamento xurídico español senón tamén, dentro del, sobre o esquema competencial autonómico. Paradigmático ao respecto é o avance que se está a producir na formación da vontade política e ata na representación formal de España ante a Unión Europea, que se desenvolve sen especiais tensións interinstitucionais.



---

### 3 ■ Razóns específicas que avalan unha estratexia de acción exterior para Galicia



### 3. Razóns específicas que avalan unha estratexia de acción exterior para Galicia

22. Ademais das razóns evocadas nos parágrafos precedentes que fundamentan a acción exterior do conxunto das Comunidades Autónomas (e poren da nosa Comunidade Autónoma) parece oportuno recordar que a Galicia moderna é xa un axente cultural e económico activo en Europa e no mundo.

23. De feito, a cidadanía galega tende a estar cada vez máis integrada na sociedade global e nos retos que lle presenta a Sociedade do Coñecemento. A economía é cada vez máis aberta e dinámica e as empresas invisten máis aló das nosas fronteiras en mercados desenvolvidos con produtos con valor engadido e coñecemento. En definitiva, Galicia é unha sociedade involucrada no mundo e desexa desenvolver o seu papel nel a través da fixación duns obxectivos e da dispoñibilidade duns medios que contribúan a salvagardar os seus intereses lexítimos.

24. A lonxanía física ao respecto dos centros neurálxicos de decisión non constitúe un factor que facilite a inserción de Galicia nas dinámicas culturais, educativas, tecnolóxicas, financeiras e comerciais internacionais. Apoiar e traballar a prol da internacionalización dos nosos sistemas educativos, culturais e empresariais é, pois, unha condición cada vez máis necesaria para preservar a nosa presenza no mundo con identidade diferenciada e capacidade decisoria, acaída alomenos á nosa dimensión nacional.

25. Un factor que xoga en favor de tal fenómeno de internacionalización o constitúe o feito de sermos unha comunidade migrante e existiren colectividade de galegos, na plenitude dos seus dereitos políticos, espalladas por moi diversos lugares do mundo e cun número, por certo, non reducido de membros. Algo máis do dez por cento da poboación de Galicia son cidadáns que, podéndose acoller ao recoñecemento da súa galegitude, residen no exterior. A diáspora, pois, ademais de constituír unha seña da identidade nacional de Galicia, debe ser un instrumento adicional sobre o que se apoie a acción exterior do noso país.

26. Unha estratexia de acción exterior, claramente definida nos seus obxectivos e medios, constituirá así mesmo un potente instrumento de divulgación da imaxe de Galicia a través da implementación dunha política activa de comunicación que teña por finalidade salienta a confianza e a credibilidade no actual proceso de globalización, gañando, en consecuencia, novas identificacións cos nosos activos rexionais, e que integre a realización de accións de “*marketing de país*”, coordinando as accións no exterior, proxectando e fomentando a mellora da nosa imaxe no que respecta ao desenvolvemento dos nosos valores colectivos e das potencialidades da sociedade civil.

27. Tal política activa de comunicación deberá reforzar e proxectar unha imaxe positiva de Galicia cara o exterior, que permita superar estereotipos e clichés sobre os orixenarios de Galicia e combater a idea de atraso e de illamento, combinando iniciativas de carácter económico e social coa proxección de elementos de natureza cultural. Deste modo poderíase cuñar unha imaxe de “marca” de Galicia, como unha comunidade política aberta ao mundo, con presenza de galegos de nación nos cinco continentes, e cunha longa tradición de ser porta de entrada e porta de saída.

28. Divulgar unha imaxe de calidade e proxectala cara o exterior deberá ser unha medida prioritaria, integradora para o conxunto dos protagonistas da acción exterior e acorde cos intereses de país. O seu seguimento farase a partires dun *Observatorio Permanente da Imaxe de Galicia* que establecerá un servizo de seguimento das accións, dos programas, das liñas estratéxicas acordadas e da promoción das boas prácticas de imaxe desenvolvidas.

29. Dispoñer dunha política de acción exterior propia que permita a Galicia atender debida e eficientemente a promoción e defensa dos seus intereses específicos alén do seu territorio propio, ven xustificado finalmente polo carácter atlántico de Galicia verbo da centralidade continental europea. O centro de gravidade da Unión Europea desprazarase paulatinamente cara o oriente, por mor da súa progresiva ampliación, o que, ademais de nos poñer na tesitura de adoptar acaídas políticas de comunicación e inserción espacial, tamén nos obriga a potenciar aquelas que permitan compensar a distancia física con presenza institucional, política e económica. Non hai maior distanciamento que a ausencia.



---

## 4 ■ Os principios básicos da acción exterior de Galicia



## 4. Os principios básicos da acción exterior de Galicia

30. O marco dunha estratexia de acción exterior debe ser claro nos seus fundamentos e preciso nos medios postos á súa disposición, sin abuso de plantexamentos retóricos nin de construcións artificiosas. Neste sentido os principios básicos da estratexia para a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia pódense enumerar da seguinte maneira:

### **4.1. Constituírse nunha voz activa que se involucra para o impulso dos valores colectivos**

31. Serán principios inspiradores da acción exterior de Galicia a defensa dos valores ligados aos dereitos humanos e a erradicación de todo tipo de discriminación, o desenvolvemento sostible, a orde internacional e a relación entre os pobos, así como a promoción da estabilidade e a seguridade no mundo, a axuda humanitaria e o bo goberno.

### **4.2. Colaborar no desenvolvemento global**

32. Galicia desexa desenvolverse e colaborar no desenvolvemento global favorecendo a creación de máis riqueza e a redución da pobreza, promovendo políticas de igualdade e de desenvolvemento humano e social, protexendo e mellorando o medio ambiente, os ecosistemas e a biodiversidade. Toda acción de contribución ao desenvolvemento do planeta é, en definitiva, un aporte ao propio desenvolvemento, polo que a vocación de

integración e participación de Galicia na economía mundial debe ser persistente.

#### **4.3. Impulsar unha Galicia aberta a un mundo cambiante**

33. A promoción e o desenvolvemento dos intereses galegos no exterior implica a necesidade de abrirse a un mundo cambiante e dinámico e, polo tanto, a acción exterior de Galicia deberá asumir os seguintes principios:

- Afirmar e reforzar a súa implicación no desenvolvemento da integración europea.
- Estimular especialmente as relacións coas rexións coas que se comparten características ou intereses comúns.
- Establecer unha eficaz cooperación coas áreas estratéxicas máis dinámicas a nivel global co obxectivo de estimular os investimentos e a mellora recíproca.
- Favorecer a cooperación para a innovación e o desenvolvemento do coñecemento.
- Contribuír a incentivar o desenvolvemento do comercio internacional e favorecer unha maior integración dos sistemas productivos galegos nel.
- Promover os “activos rexionais”, a cultura e a imaxe dunha Galicia moderna, e comprometida co mundo. O anterior traduciríase nunha potenciación e maior valoración da marca-país “Galicia”.

#### **4.4 Apoiar os intereses dos “axentes rexionais” no exterior e establecer canles de relación cos axentes internacionais relevantes.**

34. A acción exterior pretende servir de apoio e promoción os intereses dos “axentes rexionais” así como establecer canles de relacións estables con outros axentes internacionais cos que Galicia ten intereses.

Os axentes máis relevantes no eido “rexional” son o sistema institucional, o sistema productivo, o sistema educativo e de investigación, o sistema social e cultural e os galegos no exterior.

Os axentes externos son basicamente a Unión Europea; as rexións limítrofes ou áreas afíns –entre as que cabe salientar a lusofonía– e as rexións e áreas de maior dinamismo mundial, así como o sistema institucional mundial.

35. A acción exterior coidará especificamente de atender a defensa e promoción dos intereses dos “axentes rexionais” galegos (intereses de moi diversa natureza pero de entre os que sobresaen os de carácter económico, cultural, asistencial, formativo e xurídico) con respecto a cada un dos axentes externos enumerados no parágrafo anterior.

36. Nese contexto, a Xunta de Galicia deberá estar presente ou acudir a calquera lugar onde se poñan de manifesto necesidades ou intereses de cidadáns galegos, mesmo de carácter particular, cuxo amparo, dentro ou fora de Galicia, sexan competencia das institucións públicas. Adoitase sinalar entre ese tipo de atencións ineludibles a asistencia cultural, educativa, sanitaria ou de protección social que precisa a poboación emigrante.

37. É preciso contar tamén entre elas o apoio ás empresas que operan fora do territorio de Galicia e mesmo á internacionalización de tecido empresarial en xeral, pois non en van é no ámbito económico e comercial onde se forma o miolo do sistema de actividades exteriores de calquera país, e tamén no que, por eso mesmo, acada maior transcendencia a súa proxección exterior. Non hai que esquecer, así mesmo, a necesidade que ten Galicia de “exteriorizar” o seu sistema de ensino superior, tanto no que fai á docencia como no que ten que ver coa investigación e a cultura emprendedora.



---

## 5 | A afirmación da galeguidade



## 5.- A afirmación da galegitude

38. Malia que a mundialización non é *per se* positiva nin negativa, senón que depende da actitude e dos instrumentos con que se afronten os novos retos que plantexa, nun mundo globalizado xéranse inevitablemente potentísimas tendencias homoxeneizadoras que empurran gravemente sobre as entidades culturais (no senso máis amplo deste concepto) menores, máis febles, subordinadas ou non dominantes cara a periferia do sistema, a xeito de forzas centrifugas disgregadoras.

39. Estas tendencias son visibles no eido da economía, pero tamén no eido lingüístico e mesmo no artístico, aínda que neses sectores as manifestacións máis peculiares e incluso particularistas ten unha acollida moito máis favorable.

40. A actividade exterior de Galicia debe integrar, por conseguinte, un obxectivo de afirmación das súas particularidades. Débese admitir, no entanto, que non existen parapetos para a defensa das señas de identidade das entidades culturais empurradas para a periferia si parten dunha súa autoexclusión das regras do sistema. As forzas son demasiado desiguais. A autoexclusión só valería para acentuar aínda máis o emprazamento periférico das mesmas, cuxa consecuencia principal é a perda de capacidade decisoria incluso sobre os asuntos máis propios. As novas relacións de dependencia que se definen no mundo global, ténsanse sobre ese vector.

41. Pola contra, as entidades culturais non dominantes só poderán lograr sobrevivir sen menoscabo das súas señas de identidade diferenciada, mediante a preservación da súa capacidade decisoria no conxunto do sistema, ocupando nel un lugar, o que sexa capaz de ocupar, pero nunca fóra das súas lindes.

42. Esa é a razón de que o deseño dunha estratexia acaída de política de relacións exteriores propia para unha entidade cultural non dominante como Galicia, debe comezar por sinalar claramente cal é o lugar que se quere ocupar no mundo, e en nome de qué valores e coa ollada posta en obxectivos igualmente claros e avaliábeis. Trátase, pois, da asunción do dereito de ser (quén somos) e estar (qué queremos).

43. Ao sermos unha entidade cultural diferenciada formamos parte do patrimonio cultural universal con formas e manifestacións específicas. Por iso, constituímos unha compoñente indiscutible e insubstituíble do cerne cultural en que se alimenta o desenvolvemento sostible da Humanidade.

44. A afirmación da galeguidade ante o mundo non debe ser, pois, unha cuestión meramente particular dos galegos, un mero parapeto defensivo fronte á homoxeneización, sempre insuficiente para contela, senón a maneira en que os galegos podemos e queremos estar no mundo, achegándolle canto somos, como parte da súa propia integridade cultural. En suma, gañando presenza, non consolándose na ausencia.

## 6 ■ Liñas estratéxicas



## 6. Liñas estratéxicas

45. Para conquistar os obxectivos anteriores é preciso artellar estratexias institucionais, corporativas e funcionais. En definitiva, perséguese coordinar a acción exterior dentro do Goberno de Galicia; promover, impulsar e protexer os intereses de Galicia máis alá das nosas fronteiras en cooperación co Goberno do Estado e o resto das CCAA; participar directa ou indirectamente en aqueles organismos ou institucións nos que se diluciden os intereses de Galicia; potenciar a presenza económica e comercial de Galicia no exterior; fomentar a cooperación internacional; introducir medidas para a promoción cultural e social; e estimular a internacionalización do sistema productivo, do sistema de educativo e de investigación, ben directamente ou en colaboración con outros axentes.

46. É preciso esforzarse por incorporar á consecución dos obxectivos trazados a tódolos sectores sociais e institucións que, directa ou indirectamente, teñen neles intereses.

47. No decurso dos vindeiros sete anos imos afrontar un novo e crucial horizonte económico derivado da ampliación da Unión Europea a 27 países e a evolución dos fondos europeos. Galicia aínda necesita o impulso que supoñen os devanditos fondos comunitarios. Será necesario reforzar a eficacia da xestión dos montantes europeos nos eixes nos que pivotarán as novas estratexias.

48. Os obxectivos tentan multiplicar a intensidade das medidas que atinxen as accións vencelladas a innovación empresarial, aumentando os esforzos no desenvolvemento da economía do coñecemento, do medio ambiente, os contornos naturais e o desenvolvemento sostible, dos transportes e da enerxía, das infraestruturas e dotacións físicas e tecnolóxicas, e das propensións exportadoras.

49. En definitiva, preténdese consolidar unha estratexia de relacións exteriores propia, buscando para ela o aval do maior consenso parlamentario, político e social que sexa posible, asumindo sen ambaxes a *"Alianza por Galicia no eido exterior"* definida como a capacidade *"de abordar simultaneamente actuacións no ámbito político, económico, cultural ou social, co respaldo pleno das diferentes forzas políticas"*.

Nese contexto, as liñas estratéxicas que se propoñen son as seguintes:

### **6.1 Proxección dos valores da sociedade galega**

50. A acción exterior dotarase de aqueles instrumentos útiles para impulsar o papel de Galicia no exterior e facer posible a proxección dos valores da sociedade gallega, especialmente no ámbito medioambiental, cultural e social a través dunha acción efectiva que favoreza as accións de acceso aos países, aos mercados e cara os *"axentes rexionais"*.

### **6.2. Estimulación da internacionalización dos sistemas productivos**

51. É preciso favorecer o desenvolvemento de redes que impulsen e estimulen a internacionalización do sistema productivo e do sistema educativo e de innovación, preferentemente de forma conxunta, incluso con apoio institucional.

52. Todos os actores implicados deben contribuír a intensificar o proceso de internacionalización da economía galega, impulsando os programas xeradores de beneficios materiais –negocio– ou inmateriais –imaxe– no exterior, superando as eivas estruturais tradicionais da presenza exterior galega, tanto

as relativas ao desenvolvemento exportador como ao xeográfico, impulsando a presenza comercial e investidora en zonas emerxentes e con gran potencial de crecemento, impulsando a diversificación global.

### 6.3. Participación

53. A participación debe entenderse nunha dobre vertente:

Dunha banda, a acción exterior que as distintas sensibilidades dos axentes sociais e políticos existentes levan adiante, incorpora matices complementarios que se deben integrar para multiplicar a súa eficacia.

Corresponde á Administración galega habilitar os mecanismos de coordinación, nos que estean presentes todos os sectores sociais, económicos, políticos e culturais, que posibiliten unha eficaz integración nesa converxencia desexable.

54. Doutra banda, Galicia débese facer escoitar en aqueles organismos nos que se tomen decisións que afecten as competencias e intereses do Goberno autonómico, ben directamente ou formando parte da Delegación correspondente co Goberno Central.

### 6.4 Inmigración

55. Con respecto á inmigración, hai tres aspectos que é preciso destacar:

- 1.-A inmigración pode axudar (contribuír) ao equilibrio demográfico de Galicia a través dun modelo de instalación duradeira dos inmigrantes, sen desprezar a súa contribución como traballadores temporais.
- 2.- Afondar na dimensión e calidade da nosa cultura democrática a través dunha acción interna e exterior dos dereitos e liberdades dos estranxeiros que poidan recalar en Galicia.
- 3.-Promover a formación e o intercambio da inmigración cualificada na

perspectiva do desenvolvemento económico e social dun mundo globalizado.

#### 6.5. Coordinación (dotación político - administrativa)

56. Hoxe en día todos os departamentos da Xunta, e non só as Consellerías senón tamén dentro delas outros varios, realizan algún tipo de actividade con transcendencia no exterior. A coordinación desas actividades arredor do fío conductor da estratexia de relacións exteriores propia de Galicia é xa unha reclamación básica e inescusable de eficiencia. Tal como se indicou xa no pasado, a acción exterior *“é hoxe moito máis que a suma das secundarias dimensións exteriores das políticas globais de cada un dos departamentos da Xunta de Galicia, dos partidos políticos, das confederacións de empresarios, das organizacións sindicais, etc. Esa suma de individualizacións precisa dun salto cualitativo globalizador interno que soamente pode liderar a Administración galega para dotar de substancia propia todo o que afecta á proxección exterior de Galicia, desenvolvida con plena lealdade ao marco institucional vixente”*

57. A acción exterior da Xunta de Galicia deberá, por conseguinte, ser responsabilidade dunha única instancia, que coordinará, impulsará, canalizará e participará en todas aquelas iniciativas institucionais de interese para os obxectivos do Goberno galego, de forma que este dispoña do aparato político e administrativo específico a quen encomendar a execución, seguimento e avaliación da estratexia acordada, tendo en conta que a actividade exterior propia así trazada ha de desenvolverse baixo o prisma do *“imperativo de unidade de acción política”*

---

## 7 Instrumentos para o exercicio da acción exterior de Galicia



## 7. Instrumentos para o exercicio da acción exterior de Galicia

58. Os obxectivos máis inmediatos da actividade exterior da Xunta de Galicia trázanse, como é obvio, arredor da defensa e promoción dos intereses galegos no mundo. Pero a acción exterior de Galicia non se pode reducir a unha simple asistencia subordinada a iniciativas de particulares e institucións de outro tipo. Pola contra, debe dispoñer dun sistema estable e profesionalizado para a percepción e sinalamento de obxectivos, a definición das estratexias específicas para acadalos, e mesmo a avaliación das decisións políticas e administrativas adoptadas ao respecto.

### 7.1. Instrumentos político – administrativos

59. A Xunta de Galicia deberá dotarse de estruturas organizativas e administrativas eficientes para o desempeño do labor de representación exterior, presenza internacional e proxección dos intereses de Galicia alén do seu territorio propio, implicándose activamente en lle dar pulo a calquera iniciativa social cultural ou económica que requira ou teña transcendencia internacional.

60. A Xunta de Galicia, no marco da súa política de relacións exteriores propia que se vén de precisar, e para a realización das actividades de relevancia internacional e promoción exterior, deberá tamén definir mecanismos e medios para a representación, xa sexa permanente ou non, visitas ou contactos de diverso tipo, respecto das entidades internacionais publicas ou privadas

que desenvolvan actividades ou representen ámbitos de encontro sobre asuntos de interese para Galicia.

61. As delegacións da Xunta deben asumir a función de institucionalizar a presenza exterior de Galicia de forma global, e xestionar e coordinar as súas accións e intereses. A Xunta de Galicia ha estender estas delegacións para atender ás áreas xeográficas que considere convenientes, ben autonomamente ou ben integradas nas representacións estatais que o permitan.

62. A Xunta recabará das instancias estatais a súa colaboración para que as delegacións da Xunta teñan a consideración de dependencias oficiais do Estado español.

## **7.2. Instrumentos non normativos**

63. Para a promoción dos intereses da Comunidade Autónoma, as actividades de relevancia internacional poderán deparar a formalización por parte da Xunta de Galicia de acordos non normativos (sen efectos xurídico-internacionais) con entes territoriais estranxeiros en materias da súa competencia.

## **7.3. Instrumentos xurídicos**

64. Ademais, a Xunta de Galicia aspira a que a Administración Central habilite e apoie ás Comunidades Autónomas para:

- 1.-Asinar pre-acordos internacionais, en temas da súa competencia ou interese, que acadarían a súa plena transcendencia xurídica mediante a autorización posterior do Estado español, de acordo coas correspondentes previsións constitucionais.
- 2.-Celebrar directamente tratados internacionais en nome do Estado español, coa súa autorización previa, en materias da súa competencia exclusiva.
- 3- Potenciar as relacións de cooperación territorial de forma que as Comunidades Autónomas podan concertar compromisos xurídicos con entidades territoriais estranxeiras rexidos polo Dereito interno de cada

unha das partes, sempre que non comprometan a responsabilidade internacional do Estado.

Na medida do posible aproveitaranse as novas figuras que permita o dereito comunitario.

#### **7.4. Colaboración co Goberno Central**

65. Cando atinxa a materias que son da súa competencia e interese, a Xunta de Galicia demandará do Goberno Central a participación nos procesos de negociación dos tratados internacionais e a adopción de resolucións nas organizacións internacionais en que estea integrada España, como tamén na execución deses mesmos tratados e resolucións.

66. Para elo, o Goberno galego e o Goberno central deben artellar mecanismos de colaboración, tanto multilaterais como bilaterais, tanto para que aquelas podan participar activamente na formación da posición do Estado en política exterior como para promover unha intervención igualmente activa de representantes autonómicos nas delegacións estatais no exterior.

67. En calquera caso, o Goberno central deberá manter informado ao Goberno galego da negociación e celebración de tratados internacionais que afecten a materias da súa competencia ou sexan do seu interese específico.

68. Así mesmo, o Goberno galego poderá solicitar ó Goberno central a negociación e celebración de tratados internacionais en materias da súa competencia.



---

## 8 | A especificidade do marco europeu



## 8. A especificidade do marco europeo

69. En todo o que afecte a competencias e intereses da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia ten que participar activamente, con criterio e voz de seu, na gobernanza multinivel da Unión Europea, asegurando unha aportación de calidade ao proceso de toma de decisións comunitario, potenciando as políticas de cohesión, innovación e sostibilidade que permitan minora-lo efecto periferia.

70. A constatación de que a maior parte das políticas públicas autonómicas están afectadas dun xeito ou doutro por normativas da Unión Europea fai necesario que a Xunta de Galicia dispoña dunha Delegación propia ante as institucións europeas para atender ás políticas que afecten ós seus intereses específicos e competencias. Tal Delegación apoiaría-se desde o punto de vista administrativo e técnico na Fundación Galicia Europa.

71. A Xunta de Galicia habilitará os recursos e procesos de supervisión da xestión e execución do dereito da Unión Europea no ámbito das súas competencias, para avaliar os seus efectos sobre o esquema de distribución de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma que estean fixados na Constitución e máis no Estatuto de Autonomía.

72. A Xunta e o Parlamento de Galicia velarán pola aplicación efectiva do principio de subsidiariedade, coidando de que a UE só interveña cando os obxectivos das súas propostas legislativas non podan ser acadados de maneira eficiente a nivel rexional.

73. A eses efectos, transcende a oportunidade de que desde a Xunta de Galicia se defenda que, con independencia de que entre ou non en vigor o “Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa”, chegue a resultar aplicable o Protocolo sobre a Aplicación dos principios de subsidiaridade e proporcionalidade (anexo ao Tratado Constitucional), permitíndose así que, conforme aos mecanismos de alerta temperán, as Cortes Xerais realizarán a correspondente consulta ao Parlamento de Galicia, cando resulten atingidas competencias ou intereses da Comunidade Autónoma.

74. Así mesmo, a Xunta de Galicia deberá dotarse da estrutura e dos medios precisos para participar activa e directamente nas delegacións españolas ante as institucións e organismos da Unión Europea, ao abeiro dos acordos de representación autonómica de carácter multilateral ou bilateral xa formalizados ou que aínda se podan formalizar.

75. A Xunta de Galicia deberá contribuír a facer plenamente operativo o papel dos representantes autonómicos nas delegacións negociadoras españolas, de acordo coas previsións contempladas no Acordo sobre o Sistema de Representación Autonómica nas Formacións do Consello da Unión Europea, nas Regras sobre a Participación Autonómica nos Comités de Execución da Unión Europea e o Acordo sobre a Consellería para Asuntos Autonómicos na Representación Permanente de España ante a Unión Europea.

76. A Xunta de Galicia poderá mesmo exercer a presidencia da Delegación Española cando se traten asuntos que afecten directa e singularmente ás competencias da Comunidade Autónoma, correspondéndolle as eventuais responsabilidades orgánicas que se puideran derivar.

77. En todos os temas relacionados coas competencias e intereses da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia deberá participar en todas as fases do proceso de formación e fixación da posición negociadora do Estado para a toma de decisións da Unión Europea. A tal efecto, a Xunta de Galicia deberá ser informada puntualmente sobre as iniciativas e propostas presentadas na Unión Europea.

78. En calquera caso, a Xunta de Galicia deberá contribuír a potenciar a operatividade do Acordo sobre a Participación Interna das Comunidades Autónomas nos Asuntos Comunitarios Europeos a través das Conferencias Sectoriais, fomentando a creación dun Organismo Interautonómico capaz de fixar a posición común das Comunidades Autónomas ante as iniciativas do Goberno Central.

79. No que fai a revisión dos Tratados da Unión, a Xunta de Galicia participará na formación da posición negociadora española nos temas da súa competencia, para o que debe ser informada puntualmente polo Goberno Central. Durante todos os trámites procesuais, poden tamén incorporarse ás delegacións estatais que interveñan nos procesos.

80. Dado que a Xunta e o Parlamento de Galicia teñen o deber de aplicar e executar o dereito da Unión Europea no ámbito das súas competencias, arbitrarán mecanismos de seguimento e avaliación para a aplicación das normas comunitarias na Comunidade Autónoma.

81. A Xunta de Galicia, ademais de instar mediante mecanismos bilaterais entre ela e o Goberno Central ou o Comité das Rexións, habilitará os mecanismos e medios para acceder ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea en defensa das súas competencias e intereses, nos termos fixados polo mesmo ordenamento xurídico europeo.

82. Dado a complexidade e o carácter transversal das políticas da Unión Europea que afectan ás competencias e intereses da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia deberá reforzar a coordinación e control nos asuntos europeos a fin de garantir os obxectivos seguintes:

1. Asumir a representación integral da Xunta de Galicia ante as institucións europeas.
2. Lograr a integración das propostas das diversas consellerías da Xunta de Galicia sobre todos os asuntos que deban trasladarse ás institucións da Unión Europea.

3. Integrar e dirixir a representación da Xunta de Galicia na Comisión Bilateral Galicia - Estado para asuntos europeos.
- 4.- O seguimento da planificación da política española ante a Unión Europea en materias de competencia ou interese da Comunidade Autónoma.
- 5.- Supervisar a aplicación e execución do dereito da Unión Europea no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma, velando polo respecto ao esquema competencial establecido na Constitución e mais no Estatuto de Autonomía.
- 6.- Asesorar e asistir política e xuridicamente a todos os demais organismos da Xunta de Galicia en asuntos europeos, atención que tamén se podería estender, sen menoscabo da súa propia autonomía, ás Administracións locais.

---

9 | A Cooperación  
Territorial e  
Transfronteiriza



## 9. A Cooperación Territorial e Transfronteiriza

83. Con respecto á cooperación territorial e transfronteiriza, Galicia ten interese especial en:

1. Potenciar de maneira principal o labor da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, sacando o máximo partido á figura da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), creada polo Regulamento (CE) nº 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006.
2. Fomentar relacións estables de cooperación con outras rexións ou entidades territoriais europeas en función dos seus intereses e utilizando, na medida do posible, os instrumentos comunitarios *ad hoc*.
3. Participar activamente en todas as organizacións e institucións transnacionais e fundamentalmente europeas, de carácter interrexional.

84. No marco europeo de cooperación interrexional, a Xunta de Galicia colaborará para potenciar a eficiencia do Comité das Rexións.

85. No contexto mundial, e a partir da relación privilexiada de Galicia con Portugal, débese fomentar dun xeito especial a relación cos Estados da lusofonía.



10 | A Cooperación  
Internacional para o  
Desenvolvimento



## 10. A Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

86. O I Plan Director da Cooperación Galega para o desenvolvemento 2006-2009, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia e co consenso de todos os representantes do sector galego de cooperación, marca os obxectivos das políticas para o desenvolvemento do Goberno galego: a realización dunha política activa e integral de sensibilización e de educación para o desenvolvemento na sociedade galega, o fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación, a mellora da calidade técnica e operativa do sector, a ampliación e ordenación dos medios da cooperación galega, a busca de sinerxías cos sectores galegos con experiencia no eido da cooperación, a elaboración de estratexias para as prioridades da cooperación galega e o fomento do comercio xusto e o consumo responsable.

87. Ao abeiro do Plan, a sociedade galega pon a disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos. Deste xeito, Galicia súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito a un desenvolvemento integral, humano e sostible.

88. Con esta finalidade, márcase o obxectivo de dedicar, no horizonte desta Lexislatura, o 0,4% dos seus orzamentos á cooperación internacional para o desenvolvemento e, no medio prazo, conseguir que esta cifra acade o 0,7% do PIB, recomendado polas Organizacións Internacionais.

89. Este plan marca tamén as prioridades sectoriais, xeográficas (identificando 18 países ou áreas prioritarias e 3 países preferentes) e transversais (especialmente na participación das mulleres), mantendo como requisito básico primar a eficiencia, a calidade e o impacto en todas as accións e procesos de loita contra a pobreza. Ao tempo, procura a máxima integralidade no traballo e a implicación dos distintos actores galegos con importantes achegas que facer á cooperación internacional, nomeadamente en áreas como a pesca, o desenvolvemento rural, o fortalecemento institucional, as novas tecnoloxías e o medio ambiente.

90. Dentro da cooperación institucional, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, como órgano integrado na Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, ten o labor de pulo das actuacións e de coordinación das actuacións desenvolvidas neste ámbito polos distintos departamentos da Xunta de Galicia que xa contan con experiencia demostrada neste eido.

1 1 ■ Axentes para a  
acción exterior



## 1.1. Axentes para a acción exterior

91. A Xunta de Galicia, co respaldo lexislativo que emane do Parlamento de Galicia, é o axente principal da acción exterior de Galicia e, polo tanto, correspóndelle a responsabilidade de precisar as liñas estratéxicas da actividade exterior da Comunidade Autónoma, a determinación dos seus obxectivos ou tarefas circunstanciais e máis a habilitación dos medios políticos e administrativos necesarios para executalas.

92. Hai, no entanto, outros axentes que han estar ineludiblemente implicados na actividade exterior da Comunidade Autónoma, que a Xunta de Galicia ha de mobilizar e incorporar ao seu marco estratéxico. Entre os principais cabe citar os seguintes:

- O Parlamento de Galicia.
- As Universidades e outros centros educativos e de investigación.
- As organizacións corporativas e representativas.
- As empresas galegas con presenza no exterior e con estratexias productivas e comerciais internacionalizadas.
- As entidades e colectividade galegas no exterior.

93. A Xunta de Galicia ha de promover a formación de redes e instancias que faciliten a incorporación deses axentes diversos a formación de cultura política "exterior", e mesmo a colaboración coa definición de políticas e de obxectivos concretos temporal, temática ou espacialmente diferenciables. A

este respecto, vese especialmente relevante a potenciación da marca-país “Galicia”.

94. Especial importancia pode chegar a ter neste ámbito a incorporación aos plans de estudos de todos os niveis educativos e ofertas de formación continua de materias orientadas á cualificación de profesionais que podan operar eficientemente en espazos exteriores, con culturas, linguas e sistemas institucionais diferentes.

12 ■ A decisión política



## 12. A decisión política

95. Ao fin, a proposta que se explicita nestas páxinas pretende subliñar a importancia e mesmo a inexcusabilidade da acción exterior como política de defensa e promoción dos intereses de Galicia e dos galegos no mundo.

96. Cómpre, pois, a este respecto, adoptar unha decisión política conforme cos obxectivos xerais e requirimentos funcionais sinalados, que ha de comprender alomenos os seguintes aspectos:

- A explicitación na reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia da competencia da Comunidade Autónoma para o desenvolvemento da acción exterior.
- A promoción, polo Executivo galego, da celebración dun debate periódico no Parlamento de Galicia sobre a acción exterior de Galicia.

97. Especificamente, tamén se subliña que ao ficar Galicia, como parte integrante de España, inserida no sistema institucional europeo, do que emanan normas e políticas que inciden no esquema competencial do Estado español, tamén a acción que deba realizarse ante as institucións europeas ten a seña de inexcusabilidade, requirindo así mesmo ante elas a presenza e representación permanente e suficiente do Goberno galego.

98. Para elo, a Xunta de Galicia, co obxectivo prioritario da plena inserción de Galicia no escenario global do século XXI, debe dispoñer de instrumen-

tos de presenza e representación, a través dos que dar canle executiva as súas políticas ao respecto, naquelas zonas do mundo en que eses intereses se poñan de manifesto de xeito máis contundente, así como diante das institucións de carácter internacional nas que se procuran acordos de interese xeral ou singular para Galicia e os galegos.

99. A dimensión e complexidade das tarefas vinculadas a tales obxectivos, ademais, son de tal envergadura que cómpre, no organigrama da Xunta de Galicia, un órgano que asuma a responsabilidade executiva na materia, de acordo cos criterios de cualificación, promoción, coordinación e unidade funcional da actividade exterior, capaz de integrar as directrices políticas de carácter transversal, como o son moi especificamente as que han de configurar a acción exterior do Goberno galego, e que integre asemade a política autonómica respecto da Unión Europea, nos termos xa especificados.

100. Deste xeito, a acción exterior constitúese como unha iniciativa encamiñada a potenciar o papel de Galicia no mundo e favorecer o seu desenvolvemento a través dunha estratexia compartida capaz de asegurar un mellor futuro para a nosa Comunidade.



